

Somos a xeración das redes sociais, a que naceu e medrou entre pantallas e conexións dixitais. Para nós, compartir unha foto, enviar unha mensaxe ou ver un vídeo é algo cotián e natural. As redes sociais son un espazo onde expresamos quen somos, buscamos información e socializamos.

Pero este mundo de conexións instantáneas tamén pode illarnos se o usamos en exceso. Ás veces esquecemos que detrás de cada perfil pode haber unha persoa con sentimentos e problemas, e que non todo o que vemos é verdade. A aparencia perfecta que se mostra en moitas publicacións pode ocultar realidades ben distintas.

Din algúns: “antes todo era mellor” ou “agora só sabedes estar diante das pantallas”. É certo que antes a vida era diferente, pero iso non significa que fose mellor nin peor, simplemente distinta. Cada época ten os seus costumes e ferramentas, e nós vivimos nun tempo marcado pola tecnoloxía.

O problema non está nas ferramentas dixitais, senón no uso que facemos delas. As vantaxes ás que hoxe temos acceso implican tamén unha gran responsabilidade: aprender a distinguir o real do falso, respectar aos demais e non esquecer que a vida verdadeira está fóra da pantalla.

En conclusión, ser a xeración das redes sociais significa ter un poder enorme nas mans. Se sabemos utilizalo con sentido crítico e responsabilidade, poderemos construír un futuro máis conectado, pero tamén máis humano.

PABLO DÍAZ DÍAZ 4º C

IES Lucus Augusti

Lugo